

# PROGRAMACIÓN

## OBRADOIRO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS

Curso : 3º E.S.O.                    2011/2012

Profesor: José M. Justo Acevedo

I.E.S. A Xunqueira I

### PROGRAMACIÓN

3ª E S O

## INDICE

• Introducción .....	3
• Contribución da Materia ao logro das Competencias básicas	5
• Tratamento de Fomento das TIC .....	6
• Tratamento de Fomento da Lectura .....	6
• Contribución ao Plan de Convivencia .....	7
• Obxectivos Xerais .....	7
• Contidos .....	8
• Criterios de Avaliación.....	11
• Instrumentos de Avaliación .....	12
• Procedementos de Avaliación .....	12
• Procedementos para a realización da avaliación inicial .....	13
• Criterios de cualificación .....	14
• Contidos Mínimos .....	14
• Mínimos Esixibles.....	15
• Metodoloxía Didáctica .....	15
• Temporalización .....	15
• Medidas de atención a diversidade .....	16
• Plan de traballo específico para o alumnado que teña a Materia pendente .....	16
• Programa de Reforzo para a recuperación da materia pendente	17
• Actividades de avaliación para o alumnado repetidor.....	17
• Criterios para a superación da materia pendente .....	18
• Avaliación da propia programación docente .....	18
• Materiais e Recursos didácticos .....	20
• Actividades complementarias e extraescolares.....	20

## OBRADOIRO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS

### INTRODUCCIÓN

As sociedades desenvolvidas de comezos de século XXI caracterízase por unha interconexión e unha complexidade crecentes que fan xurdir novas necesidades que o eido educativo se ve na obriga de satisfacer.

A globalización económica e o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación, produciron cambios importantes que teñen fortes repercusións sociais. A terciarización da economía e o aumento dos niveis de consumo, xunto coa extensión de novas formas de pobreza, dan lugar a novas realidades sociais. O paso dunha sociedade industrial a unha sociedade do coñecemento, pon en primeiro plano a necesidade de dispoñer dunha formación cada vez máis versátil e flexible.

Os cambios habidos nos últimos tempos no mercado de traballo, os retos que supón o incremento dos movementos migratorios por todo o Planeta, exixen que o sistema educativo contribúa a dar aos novos mozos e mozas as ferramentas necesarias para enfrontar este novo mundo globalizado. Estas novas , demandan unha nova forma de enfocar as finalidades da educación obligatoria. A formación adquirida ao longo do ensino obrigatorio debe proporcionar aos nosos alumnos os elementos necesarios para comprender e enfrontarse ao mundo actual, desenvolvendo competencias que os capaciten para resolver os problemas cos que se van a enfrontar.

A educación debe contribuir ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento, máis competitiva e dinámica, capaz de lograr un crecemento económico sustentado, acompañado dunha mellora cuantitativa e cualitativa do emprego e dunha maior cohesión social. Ademáis, é necesario que a educación prepare a mocidade para un mundo cada vez máis cambiante, onde as tecnoloxías e as ciencias evolucionan a gran velocidade e que a educación facilite o tránsito da etapa da formación ao mundo do traballo e viceversa, nun proceso de aprendizaxe permanente.

No ámbito da Unión Europea, recoñeceuse a necesidade do fomento das iniciativas emprendedoras desde o ámbito educativo, así como a necesidade de crear políticas de educación e formación que fomenten a cultura emprendedora e innovadora como motor da innovación, da competitividade, da creación de emprego e do crecemento económico. O

fomento do espírito emprendedor é recoñecido como unha competencia clave para afrontar os cambios sociais e económicos que derivan da sociedade do coñecemento.

O espírito emprendedor non debe considerarse só como un conxunto de calidades e habilidades co obxectivo de crear unha nova empresa, senón como unha actitude xeral ante a vida, que pode ser de utilidade tanto nas actividades profesionais, como na vida cotiá de calquera persoa. Baixo este enfoque, o concepto de espírito emprendedor, debe incluír dous elementos diferentes: un concepto amplo de educación en actitudes e capacidades emprendedoras que incluírá o desenvolvemento de calidades persoais que potenciarán as habilidades dos alumnos, e un concepto específico de formación dirixido á elaboración e execución dun proxecto emprendedor, sexa baixo a forma de empresa, de cooperativa, de asociación.

## **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA “OBRADOIRO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS” AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

O carácter integrador desta materia, fai que o seu aprendizaxe contribúa á adquisición das seguintes competencias básicas :

- Coñecemento e a interacción co mundo físico : Está materia contribúe á adquisición da competencia no coñecemento e a interacción co medio físico mediante a adquisición dos coñecementos necesarios para a comprensión e o desenrolo do proxecto emprendedor, mediante o análise das habilidades sociais e de dirección, e a través das destrezas que permitan a manipulación e transformación.
- Autonomía e iniciativa persoal: artículase a través dunha metodoloxía de proxectos emprendedores. Esta metodoloxía precisa que o alumnado se enfrente os problemas de forma autónoma e creativa, así como que se planteen diversas estratexias de organización interpersonal, o que proporciona oportunidades para o desenrolo de cualidades persoais, tanto individuais como sociais.
- Comunicación lingüística: A contribución a esta competencia faise a través da adquisición do vocabulario específico, que ten que ser utilizado na elaboración do proxecto emprendedor. A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos, contribúe o coñecemento e a capacidade de utilización de diferentes tipos de textos e as súas estruturas formais.
- Competencia matemática: A contribución a esta competencia, faise mediante o análise do proxecto emprendedor, que necesita o uso de ferramentas matemáticas, a lectura e interpretación de gráficos e a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas.
- Competencia para aprender a aprender: A observación e a exploración do entorno social, a planificación e a organización do traballo, a realización de diferentes tarefas, a asunción de responsabilidades e a toma de decisións, son accións que posibilitan a adquisición de aprendizaxes significativos e útiles, contribuíndo o desenrolo da capacidade de aprender a aprender, e a autonomía e iniciativa persoal do alumnado

- Competencia social e cidadán: Estas capacidades fomentan a adquisición da competencia social e cidadán, o lograr un desenrolo persoal e profesional, que permita unha eficaz incorporación dos individuos a un entorno laboral real, e porque cada vez máis, a sociedade reclama a presenza de persoas emprendedoras, con ideas propias e iniciativa, que de forma responsable e respetuosa, estén despostas a participar e implicarse en procesos de mellora de esta sociedade.

- Tratamento da información e competencia dixital: A utilización das tecnoloxías da información e comunicación como ferramenta integrante do proceso ensino-aprendizaxe e como ferramenta de traballo eficaz na vida cotiá para buscar, seleccionar e interpretar información, permite os alumnos adquirir esta competencia, que facilitan o achegamento a outras realidades culturais e socioeconómicas.

## **TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC**

Como dixen antes, as tecnoloxías da información e comunicación , utilizaránse como ferramenta do proceso ensino-aprendizaxe. Os alumnos acudirán cunha periodicidade semanal ( na segunda e terceira avaliación fundamentalmente) a aula de informática, e nela, desenvolveránse diversas actividades nas que o manexo das tecnoloxías da información será o eixo central. Utilizaráse Internet como ferramenta explicativa, búsqueda de información sobre iniciativas emprendedoras, e mesmo como ferramenta de axuda na procura de información válida para a realización dos traballos correspondentes. Tamén a aula de vídeo será de moita utilidade na proxección de documentales, películas ... nas que o alumno poida observar a importancia da iniciativa emprendedora.

## **TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA**

Nesta materia levaránse o longo do curso, unha serie de actividades nas que a lectura xoga un papel fundamental: Non só libros específicos nos que se trate a temática propia da asignatura, senón que propiciaremos a lectura semanal dun xornal na que os alumnos buscarán noticias relacionadas con a actividade empresarial, emprendedora ou relacionada indirectamente coa mesma. Dita lectura faráse o longo de todo o curso ; ademáis procederemos a lectura de revistas relacionadas co mundo da empresa ( Emprendedores), cunha periodicidade mensual. E por último,

faremos unha ou dúas lecturas o longo do curso, de biografías de emprendedores que sexan relevantes e que chamen a atención dos alumnos.

## **CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Nesta materia, desenrolaránse o longo do curso diversos traballos e actividades relacionados coa iniciativa emprendedora. O alumnado terá que elaborar un plan de empresa, no que terán que traballar en equipo para a realización de dito plan. Polo tanto, traballaremos de forma especial o traballo en grupo entre o alumnado, potenciaremos as relacións de traballo entre eles, e faremoslle ver, como a unión, traballo en equipo, solidariedade, compañerismo....., son piares básicos na sociedade, pero tamén no mundo da empresa, e moito máis para levar adiante ( e con éxito) un proxecto empresarial.

## **OBXECTIVOS XERAIS**

- 1.- Comprender o concepto de emprendedor e a súa evolución a través do tempo.
- 2.- Valorar a figura do emprendedor como axente do cambio social, do desenvolvemento e da innovación.
- 3.- Coñecer os rasgos que caracterizan á persoa emprendedora e como se manifestan en capacidades e actitudes concretas de aprendizaxe.
- 4.- Desenvolvemento do espírito emprendedor a través do fomento de actitudes, capacidades, habilidades sociais e de dirección.
- 5.- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de iniciativas emprendedoras.
- 6.- Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción sociolaboral, tendo en conta as características do seu entorno.
- 7.- Desenvolvemento das capacidades de negociación e resolución de problemas.
- 8.- Definir os aspectos xerais e os elementos que constitúen un proxecto emprendedor.
- 9.- Coñecer as funcións e responsabilidades das persoas que interveñen nas diferentes facetas do proxecto
- 10.- Obter, seleccionar e interpretar a información sobre os aspectos socioeconómicos e financeiros relevantes que afecten ó proxecto.

# CONTIDOS CONCEPTUAIS

## Bloque I

### Tema 1.- O espírito emprendedor: concepto de emprendedor

- 1.1.- Introducción
- 1.2.- Concepto
- 1.3.- Evolución Histórica
- 1.4.- A figura do emprendedor
- 1.5.- Dimensión Social

### Tema 2.- Cualidades persoais

- 2.1.- O emprendedor, ¿nace ou se fai?
- 2.2.- O emprendedor fronte ó risco

### Tema 3.- Habilidades Sociais

- 3.1.- O traballo en equipo

### Tema 4.- Habilidades de dirección

- 4.1.- Planificación e toma de decisións
- 4.2.- A organización
- 4.3.- O liderazgo e a negociación

### Tema 5.- O emprendedor na sociedade

- 5.1.- Factores socioeconómicos do entorno
- 5.2.- Tipos de emprendedores : o emprendedor empresarial
- 5.3.- Evaluación do potencial do emprendedor



## **CONTIDOS PROCEDIMENTAIS DO BLOQUE I**

- Identificación do que é un emprendedor nunha visión global
- Autoevaluación do potencial do emprendedor
- Identificación do papel do risco nos negocios e a actitude ante él.
- Identificación dos elementos do entorno do emprendedor
- Análise da evolución do concepto de emprendedor
- Clasificación dos tipos de emprendedores
- Diferenciación do traballo por conta propia e allea
- Identificación do proceso de organización que ten que ter todo emprendedor e da súa necesidade.
- Identificación do liderazgo como instrumento indispensable no entorno da empresa

## **CONTIDOS ACTITUDINAIS DO BLOQUE I**

- Curiosidade pola figura do emprendedor
- Toma de conciencia sobre a capacidade de ser emprendedor dun mesmo
- Valorar os elementos do entorno do emprendedor
- Toma de conciencia sobre o papel do risco no mundo da empresa
- Valorar os aspectos positivos e negativos sobre o traballo por conta propia.

## **Bloque II.- O PROXECTO EMPRENDEDOR**

### **Tema 6.- Xeración e formulación e ideas**

- 6.1.- Detección de oportunidades e necesidades sociais: fontes de ideas e fontes de información.
- 6.2.- Análise e selección. Formulación do proxecto

## Tema 7.- Elaboración do proxecto emprendedor

7.1.- Búsqueda e selección de información

7.2.- Definición de obxectivos e avaliación de necesidades.

## Tema 8.- Análise da viabilidade do proxecto

8.1.- Viabilidade persoal e técnica

8.2.- Viabilidade institucional e financeira

## Tema 9.- Planificación do Proxecto

9.1.- Planificación do tempo e definición e secuenciación de tarefas.

9.2.- Os recursos disponibles e a súa organización

9.3.- Plan de comunicación e comercialización.

## Tema 10.- Execución do proxecto

10.1.- Xestión de recursos humanos

10.2.- Xestión de recursos financeiros

10.3.- Coordinación de actividades

## **CONTIDOS PROCEDIMENTAIS DO BLOQUE II**

- Identificación das principais fontes de ideas
- Análise da viabilidade dunha idea e valoración dos novos sectores de servizos como xeradores de ideas
- Identificación das diferentes fontes de información e a súa obtención e diferenciación nas futuras ideas
- Análise da viabilidade da idea, tanto a nivel técnico como económico
- Estudio da planificación e da posta en marcha do proxecto, analizando os recursos humanos necesarios, as distintas fontes de ingresos financeiros, a temporalización do mesmo e a organización de cada unha das actividades que se levarán a cabo no proxecto.

## **CONTIDOS ACTITUDINAIS DO BLOQUE II**

- O recoñecemento da idea como motor da futura empresa e polo tanto, asumir a importancia no estudio da mesma.
- A curiosidade por aqueles negocios innovadores que tiveron éxito
- Valorar a dificultade na iniciativa emprendedora
- Interese polo proxecto que se elixiu e a actitude positiva de poder levalo a cabo.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación será formativa, aplicándose durante o proceso de aprendizaxe e levándose a cabo a través da observación sistemática dos alumnos.

Haberá uns exames parciais correspondentes a cada avaliación, e unha avaliación final, na que se comprobe o grao de consecución dos obxectivos e contidos mínimos esixidos. Valorarase:

- a) A participación do alumno no desenvolvemento das sesións e as súas intervencións
- b) O respecto polos compañeiros e polas opinións dos demais, aínda cando non coincidan coas súas.
- c) A calidade do proxecto presentado ó final do curso.

A materia non será calificada sen a presentación do proxecto. A nota final incluírá tamén as notas dos exames escritos sobre os coñecementos teóricos expostos na aula.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Básicamente, a hora de avaliar o alumnado, utilizaráanse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Traballos, comentarios sobre artigos de periódicos, comentarios de vídeos que proxectaremos o longo do curso...
- Participación na aula: a participación activa do alumno no aula, valorarase positivamente, e a pasividade ou falta de actitude, negativamente
- Exercicios teóricos ( exames)
- Relacións cos compañeiros, potenciando como positivo o traballo en equipo, a solidariedade entre eles, e negativamente o contrario

## **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os procedementos de avaliación xirarán en torno a observación diaria do alumno, o seu traballo, a súa participación, actitude, cumprimento dos traballos e dos prazos previstos, respecto hacia todos os membros da comunidade educativa..... Ademais , nesta materia, en cada trimestre faremos:

- 1) Exposición teórica dos contidos desenrolados na presente programación, que serán obxecto dos exames correspondentes.
- 2) Elaboración dun Plan de empresa, no que se tratará de aplicar os coñecementos teóricos a posta en marcha dunha idea empresarial. O traballo será en equipo, e avaliarase ( ademais do traballo en sí), a capacidade do alumno para traballar conxuntamente do resto dos compañeiros do equipo
- 3) Exposición dos distintos traballos na aula, e analizando con sentido crítico os mesmos
- 4) Cando asistamos a charlas ou conferencias, o alumnado deberá entregar o profesor, un resumen da mesma, para comprobar o grao de atención e seguimento que o alumno fixo da mesma.
- 5) Utilizaremos as novas tecnoloxías para estudar e analizar iniciativas emprendedoras xa consolidadas, das cales os alumnos deberán analizar con sentido crítico, e entregar un resumen por escrito dos aspectos máis sobresaíntes de ditas iniciativas, sinalando os aspectos positivos e aqueles que son máis negativos.

## **PROCEDIMIENTO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

A avaliación inicial, realizaráse tanto ó inicio do curso, como ó inicio do desenvolvemento de cada unidade didáctica.

A materia de Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras, e unha materia relativamente nova, na que o alumnado non ten ningún coñecemento previo. Polo tanto, o inicio do curso, faremos unha proba para coñecer o grao de coñecemento dos alumnos sobre temas de actualidade relacionadas co mundo da economía e da empresa, dende un punto de vista, moi sinxelo e absolutamente práctico, de coñecemento da realidade económica e empresarial. Previo a esta proba, comprobaráse o grao de facilidade lectora dos alumnos, posto que é moi importante para todas as materias e tamén para esta.

Ao inicio de cada unidade didáctica, partirase dunha primeira aproximación ós coñecementos do alumnado sobre a temática, mediante preguntas abertas ou outros medios co obxectivo de avaliar os coñecementos previos, intereses, baleiros de coñecementos, e ideas preconcebidas.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

<u>Conceptos</u>	<u>Porcentaxe</u>
Traballo na aula e exames teóricos	50%
Proxecto de empresa	50%

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

- 1) Describir as características do emprendedor e identificar as súas cualidades persoais e profesionais.
- 2) Recoñecer as ideas e desenrols máis innovadores que se xeneran nunha sociedade
- 3) Examinar as diferentes opcións de formación e inserción sociolaboral existentes na actualidade, destacando a capacidade creativa e innovadora como recursos básicos.
- 4) Seleccionar a información relevante e organizar a búsqueda dos datos necesarios para a toma de decisións e a súa integración na elaboración do proxecto.
- 5) Identificar e definir os aspectos determinantes do proxecto emprendedor
- 6) Analizar e argumentar a viabilidade persoal, técnica, institucional e financeira do proxecto
- 7) Coñecer os trámites e actuacións a realizar para iniciar o proxecto.
- 8) Precisar as fases que conforman o proxecto: obxetivos, planificación, execución, avaliación e control.
- 9) Valorar as conclusións e propostas formuladas
- 10) Recoñecer as actitudes e cualidades persoais, e en particular, a predisposición, responsabilidade, comportamento e implicación no proxecto.
- 11) Apreciar as habilidades sociais e de dirección desenvoladas o longo do proceso, e en concreto, a capacidade de comunicación, de relación e de traballo en equipo na elaboración do proxecto emprendedor.

## **MINIMOS EXIXIBLES**

- O aprobado sitúase no 5. Sen proxecto non se pode aprobar a materia.
- Os exames teóricos aprobáanse a partir de cinco.
- Asimesmo, faráanse todas as probas acordadas polo profesor que traten de comprobar que o alumno asimilou os contidos mínimos descritos na programación.

## **METODOLOXIA DIDÁCTICA**

A materia Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras, é unha asignatura nova para o alumnado, na que utilízase unha terminoloxía na que o alumnado non está habituado, ben polo seu descoñecemento ou ben polas ideas previas que os alumnos ponderan ter, posto que en ocasións poden ter algunha información pero carente de sentido e de contextualización.

Empregaráse unha metodoloxía expositiva no desenrolo dos temas, acompañada de preguntas, debates, cuestionarios...

Os alumnos traballarán tanto individualmente como en grupo para o desenrolo dos proxectos elegidos. Asimesmo, levaráanse a cabo comentarios e posta en común de calquera das noticias de actualidade que se relacione co mundo dos negocios ou calquera tema que afecte o mundo das finanzas.

## **TEMPORALIZACIÓN**

O longo do curso, realizaranse tres avaliacións. O reparto dos temas será como sigue:

1ª avaliación: temas 1 ó 4, ambos inclusive

2ª avaliación: do tema 5 ó 7, ambos inclusive

3ª avaliación: temas 8,9 e 10

O traballo sobre o Plan de Empresa, desenrolaráse o longo do curso, e será entregado o fin do mesmo, pero debendo dar contas o fin de cada trimestre, o profesor, a fin de facer un seguimento do mesmo.

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

Os intereses dos alumnos, súa motivación, e incluso súas aptitudes, diferencianse progresivamente o longo desta etapa. Cada alumno posee unha serie de peculiaridades que o diferencia do resto dos compañeiros, e por tanto, non todos eles van a aprender o mesmo ritmo ou van a ter as mesmas capacidades e intereses. A educación debe permitir e facilitar desenvolvementos educativos distintos, que se correspondan con esos intereses e aptitudes. O obxectivo último é conseguir que o alumno alcance o obxectivos xerais da etapa e lle permita obter o título de Graduado na ESO.

Entre as medidas propostas, contémpanse as adaptacións do currículo, os agrupamentos flexibles ( si é posible), os dedoblamientos de grupos, establecemento de programas de reforzo e outros programas de tratamento personalizado para o alumno con necesidade específica de apoio educativo. Todas as medidas que se poideran adoptar, faráse en colaboración do Departamento de Orientación do Centro.

## **PLAN DE TRABAJO ESPECIFICO PARA O ALUMNADO REPETIDOR ( MATERIA PENDENTE):**

### **Contidos exixibles :**

Os contidos exixibles para a superación da materia pendente, veñen explicitados polos contidos mínimos expresados nesta programación para a superación da asignatura, é que son :

- 1) Describir as características do emprendedor e identificar as súas cualidades persoais e profesionais.
- 2) Recoñecer as ideas e desenvolvementos máis innovadores que se xeneran nunha sociedade
- 3) Examinar as diferentes opcións de formación e inserción sociolaboral existentes na actualidade, destacando a capacidade creativa e innovadora como recursos básicos.
- 4) Seleccionar a información relevante e organizar a búsqueda dos datos necesarios para a toma de decisións e a súa integración na elaboración do proxecto.



- 5) Identificar e definir os aspectos determinantes do proxecto emprendedor
- 6) Analizar e argumentar a viabilidade persoal, técnica, institucional e financeira do proxecto
- 7) Coñecer os trámites e actuacións a realizar para iniciar o proxecto.
- 8) Precisar as fases que conforman o proxecto: obxetivos, planificación, execución, avaliación e control.
- 9) Valorar as conclusións e propostas formuladas
- 10) Recoñecer as actitudes e cualidades persoais, e en particular, a predisposición, responsabilidade, comportamento e implicación no proxecto.
- 11) Apreciar as habilidades sociais e de dirección desenvoladas o longo do proceso, e en concreto, a capacidade de comunicación, de relación e de traballo en equipo na elaboración do proxecto emprendedor.

### **Programa de Reforzo para a recuperación da materia pendente**

Os alumnos que teñan a materia pendente, terán a súa disposición unha hora semanal, na que poderán consultar e aclarar todas as dúbidas que lle poidan xurdir a hora de preparar a materia. Dita consulta semanal farase co profesor/a correspondente que imparta a materia no curso correspondente.

O profesor correspondente establecerá unha serie de actividades, tarefas, explicacións ..., que contribúan a que o alumno poida recuperar a materia o longo do curso. A hora semanal, establecerase o inicio de curso, por acordo entre o alumnado que teña a materia pendente e o profesor que imparta a materia. Dita hora será flexible, e acomodaráse as necesidades do alumnado, sen desbotar o feito de que en algunha ocasión, o alumno poida participar co alumnado do curso actual, sempre que as posibilidades horarias do alumno o permitan.

### **Actividades de Avaliación para o alumnado repetidor**

O profesor establecerá un calendario de avaliación para estes alumnos, que lles permita compaxinar as materias do curso actual, con as materias pendentes. Establecerase un calendario de probas trimestrais: cada trimestre o alumno terá que entregar o profesor aquelas tarefas, traballos... que o longo de cada trimestre determine o profesor,

así como a realización dun exercicio teórico ( exame), no que se constate o interese do alumno pola superación da materia.

Os traballos, actividades e calquera outra tarefa que se establezca, determinarásese o inicio de cada trimestre, así como as datas de entrega o profesor

### **Critérios para a superación da materia pendente**

Para os alumnos que teñan a materia pendente, seguiráanse os seguintes criterios a hora de valorar a superación da materia:

- 1) Entrega dos traballos establecidos ( Plan de empresa, fundamentalmente), nas datas acordadas co profesor. Valorarásese como imprescindible a implicación do alumno na elaboración dos traballos e a súa entrega en tempo e hora. Posto que son alumnos que cursan seus estudos nun curso superior, e a efectos de facilitarlle a superación da materia, valorarásese positivamente este apartado ( entrega de traballos), de tal forma, que a superación do mesmo, leva implícito a superación da materia. Suporá un 50% na nota final
- 2) Probas escritas ( exames). Será imprescindible a presentación dos exames e a realización de ditas probas ( un examen por trimestre). A importancia destas probas na nota final, suporá un 40% do total da nota
- 3) Actitude do alumno: unha actitude positiva cara a materia, con decidida implicación na superación da mesma, participación na hora semanal de reforzo, e claro interese do alumno hacia a materia, serán factores que serán valorados positivamente. Suporá un 10% no resultado global

### **Avaliación da propia programación e da práctica docente**

Ó longo do curso farásese un seguimento da programación feita ó inicio do curso.

Trimestralmente farásese unha análise dos temas impartidos na aula con respecto ó programado ó inicio do curso, establecendo as correccións necesaria, de ser o caso.

A avaliación da práctica docente plantéxase en dous eidos:

- Analizando de forma persoal e con sentido crítico a marcha do curso, os resultados académicos ..., comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados

- Someténdose á opinión do alumnado, a través de enquisas que de forma puntual pode facerse o fin de cada trimestre ou ben a fin de curso, para valorar a opinión do alumnado. Os alumnos dun Ciclo Superior xa alcanzaron un grado de madurez ( supónse) que lles permite emitir xuízos , e polo tanto, coas cautelas oportunas, pódese ter en conta a valoración que fan da práctica docente

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTIVOS**

Para o desenvolvemento das sesións, empregarase o seguinte material:

- Periódicos, revistas e calquera publicación que teña que ver cos temas desenvolvidos
- Utilización de Internet como fonte de acceso á realidade económica
- Vídeos
- Distintas fontes estadísticas de información necesaria para o desenvolvemento do proxecto.
- Apuntes facilitados polo profesor para o seguimento da programación
- Material facilitado por BIC GALICIA sobre os emprendedores.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Cómo actividades complementarias prevese unha charla sobre o mundo da empresa e a creación de empresas, impartida por BicGalicia, con datas aínda por confirmar

Pontevedra, 16-9-2011

Xefe Departamento: José M. Justo Acevedo

